



Bo día, FAMILIAS!

A Asociación de nais/pais AS MARIÑAS é una asociación que cumpre importantes funcións dentro da comunidade educativa do noso centro. Apoiamos ás nosas fillas e fillos e exercemos de ponte entre as familias e o centro. O noso obxectivo prioritario é informar e defender os dereitos do alumnado e das súas familias.

Somos un grupo de nais e pais cos mesmos problemas que tedes vós, coas mesmas dúbidas e os mesmos intereses. Buscamos que as nosas fillas e fillos se sintan o mellor posible nas Mariñas, coñecendo e exercendo os seus dereitos e dispoñendo dunha educación da mellor calidade posible.

Queremos cumprir as seguintes funcións:

- Representarvos como nais e pais.
- Defender os dereitos do alumnado e das familias.
- Promover a implicación das nais e pais na educación das súas fillas e fillos.
- Informar ás familias de todo o relacionado coa educación.
- Fomentar a comunicación das familias co profesorado.
- Colaborar coa Dirección do Centro e demandar os mellores medios, equipamentos e instalacións.
- Buscar a máis eficiente e completa formación para os nosos fillos e fillas.
- Velar pola atención á diversidade e a igualdade de dereitos de todo o alumnado.

Pero para iso necesitamos a túa colaboración, sexa participando activamente na Asociación ou sinxelamente facéndote socio/a.

Beneficios de ser socia/socio da Anpa AS MARIÑAS:

- Ter información de todo o relacionado coa educación das nosas fillas e fillos.
- Ter asesoramento sobre os procesos educativos.
- Participar no banco de libros da asociación.
- Obter descontos nos comercios de Betanzos.

Somos conscientes de que un movemento de pais e nais unidos fan que as iniciativas e peticións destes sexan vistos con maior respecto polas Administracións.

Co fin de poder seguir traballando, convidámosvos a todas as familias a formar parte da ANPA AS MARIÑAS. É moi sinxelo, tan só tedes que cubrir o formulario de inscrición que vos adxuntamos e facérnolo chegar (xunto co xustificante de pago da cota, 16 €/ano) ou ben en papel ao centro (conserxería) ou ben ao correo electrónico ampaasmariñas@gmail.com

Esperámosvos!!!